

LABradio de ideas.

Curso para mulleres emprendedoras en
agroturismo e sustentabilidade.

28, 29 e 30 de novembro en Navia de Suarna, Lugo.



MONTES
vivos

LABradío de ideas é unha formación dirixida a mulleres e disidencias, con inquiredanzas ou proxectos emprendedores no eido do agroturismo e o desenvolvemento sostible. A través dunha programación de actividades experiencial e coordinada con axentes territoriais dos Ancares, este curso promove a autonomía, liderado e participación das mulleres rurais mediante a facilitación de ferramentas prácticas que buscan potenciar os procesos de emprendemento.

Para quen?

Este curso está deseñado para persoas que estén pensando en poñer en marcha unha iniciativa de emprendemento no medio rural. Pero tamén para as que xa deron ese paso e queren darlle unha volta á súa iniciativa e compartir con outra xente con similares inquiredanzas.

Estrutura da formación:

O curso ten unha duración de **25 horas** distribuídas nunha fin de semana presencial, unha sesión en liña e un traballo final.

Presencialidade:

- Venres 28 de novembro de 16.30 a 20.30
- Sábado 29 de novembro de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00
- Domingo 30 de novembro de 9.00 a 14.00

Formación en liña:

- Sesión en liña de 3h (data a concretar coas participantes)

Traballo persoal:

- Elaboración dun exercicio práctico final sobre o que se recibirá feedback.

Emitirase un **certificado de participación por parte da ONG SEO/Birdlife.**

Que imos aprender?

VENRES Á TARDE

Agroque? Introducción aos conceptos básicos.

- De que falamos cando falamos de agroturismo?
- Breve percorrido histórico polo concepto de turismo.
- O desenvolvemento rural.
- O rol da muller rural nesta ecuación.

SÁBADO POLA MAÑÁ

Situar a mirada: o enfoque bioterritorial da contorna.

- Cartografía de recursos e axentes.
- Presentación de iniciativas locais vinculadas ao agroturismo e que promoven a sustentabilidade e o turismo responsable.
- Presentación do GDR3 Montes e Vales Orientais e degustación de produtos locais a cargo do Clube do Produto.

Participan: Asociación Ancares Vive,
Asociación Xuventude do Navia, Miel Toxal Riba.



SÁBADO POLA TARDE

Contar a túa historia.

- Obradoiro práctico para pensar a comercialización e o márketing dixital, a cargo de Lucía Rodríguez, copywriter e creadora do proxecto “Argueiro dos Ancares”.

Labrar con outras, traballo en rede.

- Liderado, redes e xestión colaborativa.

LABradío de ideas.

- Poñer en práctica: Taller de prototipado.
- Posta en común e definición do traballo individual.

DOMINGO 30 DE NOVIEMBRE

Cos pés na terra.

- Visita a Piornedo (Cervantes) da man do proxecto “Piornedo Anda” para coñecer a cooperativa A Carqueixa e a proposta dos roteiros etnográficos.

SESIÓN EN LIÑA **E como nos financiamos?**

- Financiación, formas xurídicas e espazo de consultas e asesoramento sobre proxectos de autoemprego (individual e colectivo) da man de EspazoCoop.



Entidades e persoas detrás do programa:

QUEN PROMOVE?

Esta formación intégrase dentro do proxecto “Montes Vivos” que está coordinado por **SEO/BirdLife** e conta ca financiación da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

SEO/BirdLife (Sociedade Española de Ornitología) é a ONG ambiental decana en España. Fundada en 1954, a súa misión é coas aves como bandeira, buscando a conservación da biodiversidade coa participación e implicación da sociedade.

+info <https://montesvivos.seo.org/>

QUEN COORDINA?

Outonía S. Coop. Galega, entidade da economía social composta na actualidade por Tania Sánchez (Manzaneda), Branca Albán (O Incio) e Araceli Macías (A Veiga). Dende 2021 desenvolve a súa actividade no interior de Lugo e Ourense. Empregan as ferramentas que lles proporciona a educación social e a mediación cultural para crear intervencións sociocomunitarias, culturais e educativas no ámbito rural. Neste caso deséñase unha proposta formativa en alianza con axentes territoriais e cun carácter práctico e experiencial.

+ info <https://outoniacoop.gal/>



Como me inscribo?:

FIANZA

Esta formación é gratuíta!

Para asegurar a reserva de prazas con compromiso de participación é preciso ingresar unha fianza de 20 euros que serán devoltos o primeiro día da formación presencial.

A fianza ingrésase no seguinte número de conta:

Titular da conta bancaria: Outonía S. Coop.

Número de conta: ES03 3070 0041 1162 7973 2926 (Caixa Rural)

Concepto: INSCRICIÓN CURSO AGROTURISMO + NOME E APELIDOS

FORMULARIO

Para formalizar a inscrición é **preciso cubrir o seguinte formulario e enviar un xustificante de pago da fianza** a: info@outoniacoop.gal

ou ao whatsapp do tlf.+34 622 83 42 50

Acceso ao formulario: <https://forms.office.com/e/FvnQkaWjgh>

(A DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN É O 17 DE NOVEMBRO!)

FORMULARIO



PARA MÁIS INFORMACIÓN

Podes escribirmos a: info@outoniacoop.gal ou ao (+34) 622 83 42 50